- O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que éste será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais de lectura por parte da profesora. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñíbeis na plataforma (novidades, documentos e cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas das probas de avaliación.
- A avaliación de cada proba terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a corrección lingüística e a presentación formal.
- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.
- Non se permite o uso de ningún dispositivo electrónico durante as aulas. Tablet, portátiles e teléfonos móbiles están rigorosamente prohibidos.
- O alumnado deberá observar unhas normas básicas de decoro durante as aulas: chegar con puntualidade e non abandonar a aula até o remate da clase, manter unha postura axeitada e non comer durante o desenvolvemento da clase.

INFORMATION OF INTEREST FOR EXCHANGE STUDENTS:

- Students from areas not related with English Studies will not be admitted to the course.
- The English level required to enter this course is B2.
- The Galician language will be employed for the discussion of texts in the practical classes.
- The use of electronic devices (tablets, laptops and mobile phones) is strictly forbidden during the classes.
- Students are expected to observe some basic classroom decorum, which includes arriving on time, not leaving the classroom until the end of the class, keeping an appropriate posture, and not eating during the class.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisíbel evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono. O profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

=== MODALIDADE NON PRESENCIAL ===

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense todas as metodoloxías. As horas de aula correspondentes á lección maxistral e ao traballo tutelado levaranse a cabo mediante as ferramentas fornecidas pola Universidade de Vigo (Campus Remoto, Moovi, correo electrónico) ou calquera outra ferramenta que poida ser de utilidade.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Ningunha

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Correo electrónico, foro de Moovi e despacho virtual do Campus Remoto

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se prevén modificacións dos contidos

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

De ser preciso, facilitarase bibliografía específica para cada tema.

* Outras modificacións

Ningunha

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

Mantéñense todas as probas de avaliación. A avaliación prevista para a docencia presencial adaptarase á docencia mixta ou non presencial mediante a realización das probas a través da plataforma de teledocencia Moovi.

* Información adicional

Nunha situación extraordinaria de docencia mixta ou enteiramente non presencial, é moi difícil garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado. É importante ter en conta as circunstancias materiais e psicolóxicas derivadas dunha alerta sanitaria, así como a fenda dixital que afecta a unha parte do alumnado. Por este motivo, considero que cómpre flexibilidade máxima á hora de abordar a avaliación das materias e ese será o criterio que guíe as miñas decisións a ese respecto.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés**

Materia	Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01402			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Seoane Posse, Elena Celsa			
Profesorado	Seoane Posse, Elena Celsa			
Correo-e	elena.seoane@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Introdución á análise morfolóxica e sintáctica das unidades gramaticais do primeiro idioma estranxeiro. Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analizar, desenrolar e avaliar criticamente as distintas estratexias do análise morfosintáctico do primeiro idioma estranxeiro.			

Competencias

Código	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
CG13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
CE90	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da morfoloxía nas principais paradigmas de explicación lingüística.
CE91	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da sintaxe nas principais paradigmas de explicación lingüística.
CE92	Adquirir os coñecementos necesarios para a análise morfosintáctica das cadeas lingüísticas en primeiro idioma estranxeiro.
CE93	Enfrontarse a problemas, exercicios e traballos académicos de morfosintaxe.
CE94	Desenvolver unha actitude crítica informada con respecto á morfosintaxe dentro dun concepto de ciencia da linguaxe.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analizar, desenrolar e avaliar criticamente as distintas estratexias do análise morfosintáctico dentro dun concepto amplo de ciencias da linguaxe.	CB1 CB2 CB4	CG4 CG5 CG7 CG8 CG13	CE90 CE91 CE92 CE93
Adquisición dun método sistemático de análise e crítica dos recursos bibliográficos e electrónicos relativos á morfoloxía e sintaxe do primeiro idioma extranxeiro.	CB1 CB2 CB4 CB5	CG3 CG7 CG8 CG9	CE91 CE92 CE94
Iniciación na investigación en morfosintaxe mediante a realización de exercicios, prácticas e traballos académicos específicos deste ámbito.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG6 CG8 CG9	CE90 CE91 CE92 CE94

Contidos

Tema	
UNIT 1: INTRODUCTION TO THE LINGUISTIC STUDY OF ENGLISH	1.1. The morphosyntactic study of English 1.2. Language variation: Registers, dialects, standard and vernacular English 1.3. Descriptive and prescriptive approaches to grammar
UNIT 2: AN OVERVIEW OF GRAMMATICAL UNITS	2.1. Sentence, clause, phrase and word 2.2. Category vs function 2.3. Word and lexeme categories: the parts of speech 2.4. Survey of lexical words and function words 2.5. The structure of phrases 2.6. Structure of words: Inflection vs derivation 2.7. Word-formation processes
UNIT 3: CLAUSE STRUCTURE	3.1. Introduction 3.2. The subject 3.3. The object 3.4. Predicative complements 3.5. Types of clause structures 3.6. Multi-word lexical verbs: Phrasal, prepositional and phrasal-prepositional verbs 3.7. Adverbials
UNIT 4: THE VERB PHRASE	4.1. The verb phrase 4.2. Finite vs non-finite verbs 4.3. Auxiliary vs lexical verbs 4.4. An overview of tense, aspect, voice and modality
UNIT 5: THE ADJECTIVE AND THE ADVERB PHRASE	5.1. Characteristics of adjectives 5.2. The structure and function of adjective phrases 5.3. Characteristics of adverbs 5.4. The structure and function of adverb phrases
UNIT 6: THE PREPOSITIONAL PHRASE	6.1. The structure of prepositional phrases 6.2. PP complements in clause structure
UNIT 7: SUBORDINATION AND CONTENT CLAUSES	7.1. Subordinate clauses 7.2. Clause type in content clauses 7.3. Functions of content clauses
UNIT 8: NON-FINITE CLAUSES	8.1 Kinds of non-finite clauses 8.2 The form of non-finite clauses 8.3. The functions of non-finite clauses
UNIT 9: RELATIVE CLAUSES	9.1. Types of relative clauses 9.2. Function of relative clauses 9.3. Relative words
UNIT 10: THE NOUN PHRASE	10.1. Introduction 10.2. Determiners 10.3. Complements 10.4. Internal and external modifiers 10.5. Pronouns 10.6. Genitive case

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	49	50	99
Seminario	25	40	65

Resolución de problemas	0	27	27
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empréganse como complemento das clases teóricas.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Serán o complemento da lección maxistral e os seminarios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A atención personalizada levarase a cabo en titorías no despacho do profesorado do curso (con cita previa ou durante as 6 horas semanais destinadas a tal fin), a través de correo electrónico e tamén con respostas individuais durante as sesións maxistras e seminarios. A vía telemática empregárase en caso de ser necesario como plan de continxencia pola COVID-19

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	A participación activa nas sesións maxistras e a realización das lecturas previas asignadas teranse en conta como parte da avaliación continua da materia.	5	CB1 CG7 CE91 CB2 CG8 CE93 CB3 CG13 CE94 CB4
Seminario	A participación activa nos seminarios terase en conta como parte da avaliación continua da materia.	5	CB1 CG7 CE90 CB2 CG8 CE91 CB3 CG13 CE93 CB4 CE94
Resolución de problemas	A correcta realización dos exercicios propostos nas sesións prácticas terase en conta como parte da avaliación continua da materia.	10	CB2 CG4 CE90 CB3 CG13 CE91 CE92 CE93 CE94
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita realizada cando remate a Unidade 4 con combinación de preguntas curtas e exercicios. Esta proba ten como finalidade a avaliación das competencias adquiridas ata o momento. O alumnado debe responder en base aos coñecementos que ten sobre a materia. Para resolver os exercicios da proba, o alumnado debe aplicar os coñecementos e competencias que adquiriu nas semanas iniciais do curso.	30	CB1 CG3 CE90 CB2 CG4 CE91 CB3 CG5 CE92 CB4 CG6 CE93 CB5 CG8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita realizada no periodo de exames de maio na data marcada pola Xunta de Facultade, con combinación de preguntas curtas e exercicios. Esta proba ten como finalidade a avaliación das competencias adquiridas, e inclúe preguntas directas sobre un aspecto concreto. O alumnado debe responder en base aos coñecementos que ten sobre a materia completa. Para resolver os exercicios da proba, o alumnado debe aplicar os coñecementos e competencias que adquiriu durante o cuadrimestre.	50	CB1 CG3 CE90 CB2 CG4 CE91 CB3 CG5 CE92 CB4 CG6 CE93 CB5 CG8

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación será **continua**. Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

(1) Participación activa e lecturas previas, de ser o caso, nas sesións maxistras (5%) e seminarios (5%).

(2) Entrega de actividades puntuais (resolución de exercicios, etc.) que o profesorado do curso solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC (10%).

(3) Proba escrita (30%): realizarase unha vez rematada a Unidade 4 (probablemente a 6ª semana de clase) en horario de clase e abarcará os contidos prácticos explicados ata o momento.

(4) Proba escrita final (50%): realizarase no periodo de exames na data para o sistema avaliación única aprobada pola Xunta da FFT (mes de maio), e abarcará tódolos contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do cuadrimestre.

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter na proba (4) unha calificación mínima de 5 (sobre 10). De non ser o caso, a materia estaría suspensa na súa totalidade aínda que a media aritmética de todas as probas sexa 5 ou superior.

O alumnado que non supere a avaliación continua na primeira edición de actas (maio) deberá presentarse á proba escrita na segunda edición de actas en xullo con todo o temario. Esta proba contará o 100%.

Se algún alumno/a non pode cumprir coa avaliación continua (ítems 1, 2 e 3), deberá **comunicarlo ó profesorado argumentadamente ó comezo do curso, e será avaliado seguindo o sistema de avaliación única**. Este alumnado poderá realizar na primeira edición de actas (maio) unha proba escrita que terá lugar no periodo de exames na data oficial aprobada pola Xunta de FFT e que suporá un 100% da nota. De non superar a materia nesta edición de actas, poderá presentarse á proba escrita na segunda edición de actas en xullo, que suporá o 100% da cualificación.

O alumado que non se presente á primeria proba escrita (apartado (3)) non será avaliado seguindo o sistema de avaliación continua e deberá acollerse á avaliación **única**.

Recoméndase encarecidamente ó alumnado asistir a cantas sesión presenciais poida.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá *un suspenso na cualificación final*. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO).

A proba escrita única da segunda edición de actas en xullo representa o 100% da nota e cubrirá todos os contidos teóricos e prácticos presentados ao longo do cuadrimestre. Terá lugar na data oficial aprobada en Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Biber, Douglas, Susan Conrad and Geoffrey Leech, **Longman Student Grammar of Spoken and Written English.**, Longman, 2002.

Bibliografía Complementaria

Biber, D., S. Johansson, G. Leech, S. Conrad, and E. Finegan, **Longman Grammar of Spoken and Written English.**, Longman, 1999

Huddleston, R. & G. Pullum, **The Cambridge Grammar of the English Language**, Cambridge University Press., 2002

Quirk, R. et al., **A Comprehensive Grammar of the English Language.**, Longman, 1985

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01902

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Outros comentarios

É ESENCIAL consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

É requisito indispensable entregar unha ficha á profesora coordinadora durante as primeiras 2 semanas de clase.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E AVALIACIÓN ===

Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que estas se desenvolverán total ou parcialmente mediante as ferramentas telemáticas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Moovi). Se fose o caso, poderíase establecer un plan de continxencia que derivase nunha modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono. Neste caso manteranse igualmente as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos do alumnado e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés**

Materia	Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés			
Código	V01G180V01403			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bueno Alonso, Jorge Luis			
Profesorado	Bueno Alonso, Jorge Luis			
Correo-e	jlbueno@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma. A materia prestará especial atención ás destrezas de carácter produtivo, isto é, á escrita e á produción oral con materiais de nivel C1.2 (MCER).			

Competencias

Código	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CE1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
CE2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
CE3	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do primeiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
CE4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.

CE5	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos co propósito de englobar as destrezas de comprensión e expresión escrita e oral na comunicación.
CE6	Sentar as bases para o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
CE7	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.
CE8	Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
CE11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
3. Desenvolvemento das habilidades de comprensión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro. CB5	CG1	CE4	
	CG5	CE5	
	CG7	CE7	
	CG9	CE8	
6. Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de maneira escrita e oral cun vocabulario e unha organización axeitada.	CB3	CG6	CE2
	CB4	CG7	CE3
			CE7
			CE8
7. Familiarización cos hábitos de traballo en equipo.	CG1	CE2	
	CG6	CE3	
	CG7	CE4	
	CG9	CE5	
	CG12	CE11	
8. Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral no uso do vocabulario e da produción do discurso oral baseado nos coñecementos adquiridos a través da lectura e da escrita.	CB3	CG1	CE1
		CG5	CE3
		CG8	CE5
10. Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos.	CB4	CG1	CE2
		CG6	CE3
		CG9	CE4
			CE5
			CE7
			CE8
11. Expansión dos coñecemento teóricos e prácticos para a súa posterior aplicación ó exercicio profesional.	CB1	CG8	CE2
	CB2	CG9	CE3
	CB4		CE4
	CB5		CE5
			CE6

Contidos

Tema	
1. Use of English & Grammar	<p>Key Aspects: Mixed Conditionals, Hypothesising, Emphasis, Inversion, Language of Persuasion, Complex Sentences, Collocations & Idiomatic expressions, Phrasal verbs (II), among others.</p> <p>Use of English and Grammar Task Types: Multiple-choice gap fill, Open-gap fill, Word formation, gapped text, Key word transformation.</p>
2. Speaking	<p>Key Aspects: Oral production practice and comprehension on a wide array of topics and everyday situations (Communication, Family Life, The Senses, Proposals and Negotiations, The Arts, Human Relations, Climate Change)</p> <p>Speaking Task Types: Three-way Conversation, Three-Way Interaction, Collaborative Discussion, Long-Turn with Partner Response.</p>
3. Reading & Vocabulary	<p>Key Aspects: Analysis of texts from a wide array of types and topics (Communication, Family Life, The Senses, Proposals and Negotiations, The Arts, Human Relations, Climate Change)</p> <p>Reading and Vocabulary Task Types: Multiple Choice & Matching, Gapped Text.</p>

4. Writing

Writing Key Aspects:
Techniques for writing essays, articles and reviews (Organization, Brainstorming, Structure, Writing Tips)

Writing Task Types:
Essay, article and review writing tasks which specify the type of text you have to write, your purpose for writing and the person or people you have to write for.

5. Listening

Key Aspects:
CD, DVD & Web Streaming recordings related to the contents of sections 1-4

Listening Task Types:
Multiple choice & matching, Sentence completion.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	3	6
Lección maxistral	18	0	18
Resolución de problemas de forma autónoma	7	20	27
Presentación	5	19	24
Debate	8	4	12
Traballo tutelado	4	10	14
Seminario	2	4	6
Traballo	3	18	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Contextualización teórico-práctica do tema a tratar.
Lección maxistral	Explicacións sobre os contidos do curso.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos relacionados cos contidos do curso.
Presentación	Presentacións individuais e/ou en pequenos grupos sobre diversos aspectos dos contidos do curso.
Debate	Discusións organizadas sobre temas específicos relacionados cos contidos do curso.
Traballo tutelado	Tarefas amplas relacionadas cos contidos e solucionadas individualmente e/ou en pequenos grupos.
Seminario	Consultas ao docente e/ou ás compañeiras e compañeiros sobre dúbidas teóricas e/ou prácticas derivadas do estudo dos contidos do curso.

Atención personalizada

Probas Descrición

Traballo O profesor prestará ao alumnado a axuda personalizada necesaria para a consecución exitosa dos traballos que serán avaliados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación	As competencias orais serán avaliadas por medio dunha proba que terá lugar no período oficial de exames.	25	CB4 CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE11
Traballo	As competencias escritas serán avaliadas continuamente por medio de tres composicións escritas asignadas polo profesor ó longo do curso e que serán entregadas progresivamente ó remate das unidades principais do temario.	25	CB3 CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7

Resolución de problemas e/ou exercicios	As competencias gramaticais, de vocabulario, de escoita e de lectura serán avaliadas mediante unha proba final no período de exames na data oficial aprobada pola Xunta de Centro. O valor total final de cada destreza é como segue: gramática e uso (15%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%)	50	CB3	CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG12	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE7 CE8
---	--	----	-----	--	---

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

O alumnado poderá acollerse á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2).

A.1) Avaliación continua

Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua, recoméndase ao alumnado asistir e participar con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas así como realizar as tarefas e exercicios que se lle requiriran. No momento en que o alumnado entregue o primeiro traballo escrito contará como que decide seguir a avaliación continua.

Para superar a avaliación continua será necesario:

- 1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (proba oral: 25%, traballos escritos: 25%, lectura e vocabulario: 20%, escoita: 15%, e gramática e uso: 15%). Terase que acadar unha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) en todas as probas específicas para calcular as porcentaxes da nota final e unha nota final mínima de 5. As probas e os traballos que a/o estudante non realice ou non entregue contarán como un 0. Na segunda edición de actas (ver sección B máis abaixo) o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.
- 2) Realizar unha proba oral (25%) que terá lugar no período oficial de exames. A data será acordada co alumnado con antelación.
- 3) Realizar 3 traballos escritos (25%) que serán entregados progresivamente ó remate das unidades principais do temario.
- 4) Realizar unha proba escrita para avaliar as competencias de lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%) que terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro.

A.2) Avaliación única

O alumnado que non realice ningunha das probas parciais poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final e que terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro. A proba única constará das seguintes partes: proba oral (25%), traballo escrito (25%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%). A hora da proba oral será acordada co alumnado con antelación.

Para superar dita proba global o alumnado ten que aprobar todas as partes cunha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) e unha nota final mínima de 5. Conservaranse as partes aprobadas para a segunda edición de actas.

B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo):

O alumnado que se presentase á primeira edición de actas e que teña suspensa alguna das destrezas, soamente ten que recuperar a(s) destreza(s) suspensa(s). A porcentaxe das probas será a mesma que na primeira edición de actas.

O alumnado que suspenda todas as destrezas e o alumnado que non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba do sistema de avaliación única da primeira edición das actas. Esta proba e computará o 100% da cualificación final. A proba única constará das seguintes partes: proba oral (25%), traballo escrito (25%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%). A hora da proba oral será acordada co alumnado con antelación.

O exame da segunda edición de actas, en calquera modalidade, terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro. Para superar a segunda edición de actas, en calquera modalidade, o alumnado ten que aprobar todas as partes cunha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) e unha nota final mínima de 5. No caso de non aprobar nesta segunda edición de actas o alumnado terá que avaliarse de tódalas destrezas no próximo curso.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, tableta ou conexión a internet ou outros medios electrónicos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumno ou alumna da súa responsabilidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Felicity O'Dell & Annie Broadhead, **Objective Advanced. Student's Book without answers.**, 9781107657557, 4ª, Cambridge University Press, 2014

Bibliografía Complementaria

M. Hewings, **Grammar for CAE & Proficiency. Self-study grammar reference and practice**, Cambridge University Press, 2010

M. Carter & M. McCarthy, **Cambridge Grammar of English**, Cambridge University Press, 2006

McCarthy, M. & O'Dell, F, **English Vocabulary in Use: Advanced**, Cambridge University Press, 2003

L. Driscoll, **Real Reading 4 (C1 Advanced)**, Cambridge University Press, 2008

M. Craven, **Real Listening & Speaking 4 (C1 Advanced)**, Cambridge University Press, 2011

S. Haines, **Real Writing 4 (C1 Advanced)**, Cambridge University Press, 2008

L. Rumisek, **Academic Writing: From Paragraph to Essay**, Macmillan, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Outros comentarios

Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda encarecidamente a presenza e participación na aula.

Do mesmo xeito, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B2 de inglés. O nivel para superar a materia ao final do cuadrimestre deberá ser un nivel próximo o C1.2 de inglés.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen
TODAS

* Metodoloxías docentes que se modifican
NINGUNHA

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
TITORIAS MEDIANTE ATENCIÓN NO CAMPUS REMOTO (SALA 318).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
NON PROCEDE

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
XA ESTÁ PREVISTO NA BIBLIOGRAFIA DA GUÍA. SE É PRECISO, DEPENDENDO DO MOMENTO DA INTERRUPCIÓN, DE SELO CASO, SE PROVEERÁ O ESTUDANTANDO DE MÁIS MATERIAL.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Ó ser unha materia de lingua instrumental que busca unha mellora no nivel de uso das diferentes destrezas en lingua inglesa cara o nivel C.1.2, non é preciso facer axustes sobre as porcentaxes da guía. Mantense, por tanto, a avaliación deseñada:

1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (proba oral: 25%, traballos escritos: 25%, lectura e vocabulario: 20%, escoita: 15% e, gramática e uso: 15%). Terase que acadar unha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) en todas as probas específicas para calcular as porcentaxes da nota final e unha nota final mínima de 5. As probas e os traballos que a/o estudantenon realice ou non entregue contarán como un 0. Na segunda edición de actas o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

2) Realizar unha proba oral (25%) que terá lugar no período oficial de exames. A data será acordada co alumnado con antelación.

3) Realizar 3 traballos escritos (25%) que serán entregados progresivamente ó remate das unidades principais do temario.

4) Realizar unha proba escrita para avaliar as competencias de lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%) que terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Segundo idioma estranxeiro IV: Francés**

Materia	Segundo idioma estranxeiro IV: Francés			
Código	V01G180V01404			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bourgoin Vergondy, Emmanuel Claude			
Profesorado	Bourgoin Vergondy, Emmanuel Claude			
Correo-e	ebourgoin@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Trátase dunha materia sobre todo práctica que pretende desenvolver as competencias de comprensión/expresión orais e escritas. A metodoloxía dálle prioridade a análise de documentos auténticos orais e escritos. Para seguir esta materia partimos dun nivel B2.1 e esperamos alcanzar un nivel B2.2.			

Competencias

Código	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CE14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
CE16	Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas.
CE17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
CE21	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.
CE22	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.
CE147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento medio-alto do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	CB1	CG1	CE14
		CB2	CG5 CE16
		CB3	CG6 CE17
		CB4	CG8 CE21
		CB5	CG10 CE22 CE147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	CB3	CG3	CE14
		CB4	CG5 CE16
		CB5	CG6 CE17
			CG8 CE21 CE22
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	CB1	CG1	CE14
		CB2	CG10 CE16
		CB3	CE17
		CB4	CE21
		CB5	CE22

Contidos	
Tema	
1. Rapporteur les paroles d'autrui	Les verbes de parole. Le discours rapporté.
2. Exprimer une opinion, un souhait ou un doute.	Le subjonctif présent. Les verbes d'opinion.
3. Argumenter 1	Les articulateurs logiques : cause, conséquence, but, opposition.
4. Argumenter 2	Les macro-structures du texte argumentatif. Les différentes formes d'expression des rapports logiques.
5. Le résumé	Techniques pour résumer des raisonnements, des textes. Regrouper ordonner les informations. La nominalisation.
6. Contenus lexicaux et civilisationnels	L'organisation politique de La France. Les principaux débats politiques en France. L'écologie, la consommation, la presse et les médias.
Pratique	Entraînement phonétique. Compréhension orale et production orale. Compréhension écrite et production écrite.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Traballo tutelado	6	12	18
Resolución de problemas de forma autónoma	15	35	50
Práctica de laboratorio	11	11	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentación e análise de documentos variados.
Traballo tutelado	Traballos para o desenvolvemento das competencias de comprensión/expresión oral e escrita.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios e traballos de redacción.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A profesora/O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora/O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Probas	Descrición
